

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE (SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE) E A FEDERACIÓN GALEGA DE REDEIRAS ARTESÁS O PEIRAO, PARA A O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN, SENSIBILIZACIÓN, E DETECCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO.

MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren e que o departamento competente en materia de Igualdade establecerá axudas económicas destinadas a que o movemento asociativo en Galicia desenvolva actividades que promovan a prevención e a erradicación da violencia de xénero.

A Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao ten entre os seus obxectivos promover a igualdade entre homes e mulleres e promover a participación e a presenza das mulleres na vida política, económica, culturas e social. Está integrada por 142 sociais repartidas en oito asociacións de redeiras ao longo do territorio galego, que loita pola visibilización do colectivo de redeiras galegas para dignificar a profesión e sacar ás profesionais redeiras da invisibilidade



co obxectivo de empoderalas nos distintos ámbitos, promovendo ademais a igualdade entre homes e mulleres. Esta Federación desenvolve actividades de información, formación e atención a mulleres do colectivo de redeiras galegas, e ten como obxectivo realizar accións de sensibilización sobre a dimensión da violencia de xénero, promovendo pautas e ferramentas para a detección e prevención da mesma, facilitando ferramentas para construír novas formas de relacións afectivas e dando a coñecer os recursos dispoñibles.

A Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao para desenvolver accións de prevención, sensibilización e detección da violencia de xénero especialmente do colectivo de redeiras no territorio da comunidade autónoma, sempre en colaboración e coordinación cos servizos públicos (servizos sociais e centros de información ás mulleres), correspondentes en cada caso.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

